



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E O CLUB CICLISTA CARBALLIÑO PARA ESTABLECER AS CONDICIÓNS E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019.

O Carballiño, 19 de setembro de 2019

#### REUNIDOS

Dunha parte **D. Francisco José Fumega Piñeiro**, Alcalde- Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, D./D<sup>a</sup> **Roberto Rodríguez Fernández** con DNI 76714666-Y en calidade de Presidente e representante legal da entidade deportiva "Club Ciclista Carballiño " con CIF **G32321051** con domicilio en Lugar de Alboio-Mesego, 32500 O Carballiño (Ourense) actuando en nome e representación da mesma.

#### MANIFESTAN

I. Que o Club Ciclista Carballiño está adicado á promoción e fomento do ciclismo sendo a comarca do Carballiño onde desenvolve principalmente a súa actividade xunto coa actividade competitiva que se desenvolve pola comunidade autónoma e Portugal. Que estas actividades realízanse a través de tres programas deportivos fundamentais incluíndo nestes programas a formación continua de nenos e adultos polo cal se pode considerar ademais de club de carácter competitivo, tamén escola deportiva de carácter educativa e formativa:

**1 – ORGANIZACIÓN DO EVENTO - IV BTT EN FAMILIA CONCELLO DO CARBALLIÑO:** Ruta de aproximadamente 10 Km moi sinxela, destinada ao fomento da práctica do deporte de ciclismo de montaña de tódolos membros da unidade familiar, por sendeiros chans e pouco pedregosos así como por camiños que poderán percorrer en bicicleta de montaña sen necesidade de experiencia tódolos membros da unidade familiar.

**2 – ORGANIZACIÓN DO EVENTO - III MINI BTT CONCELLO DO CARBALLIÑO:** O Campionato Galego de Mini BTT consiste en carreiras en bicicleta todo terreo (BTT), dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 5 e os 14 anos, divididos en categorías segundo a súa idade e desenvólvese en percorridos pechados, cunha dificultade e duración adaptados a cada categoría.

**3 - PARTICIPACIÓN DO C.C.CARBALLIÑO NO CAMPIONATO GALEGO DE MiniBTT's:** Os nenos do Carballiño, participantes das diferentes probas do campionato galego de miniBTT de 2019 levan o escudo e imaxe da vila do Carballiño polas probas realizadas nesta tempada 2019 por toda a Comunidade Autónoma. Participación da BTT's Escolas da asociación do Club Ciclista de Minho (Portugal)

II. Que o Concello considera que o labor que realiza este club é primordial para o desenvolvemento desta disciplina deportiva. Trátase unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, e fai unha importante labor de promoción turística do Concello do Carballiño.

III. É de interese público, o cal supón unha promoción das actividades deportivas e turísticas por tratarse no caso da "Mini Btt Concello do Carballiño" dun evento a nivel autonómico e polo tanto moi atractivo para os afeccionados que se achegan a nosa vila para gozar deste evento, como tamén é de interese público a promoción que se fai deste deporte polo seu carácter formativo e educativo.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do deporte.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva,





**CONCELLO  
DO CARBALLIÑO**  
(Ourense)

unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociativo, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o exercicio 2019 consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
341.11.480.13	CLUB CICLISTA CARBALLIÑO	4.000,00 €



VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **FORMA DIRECTA** as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIONES.

VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar os gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva, formativa e competitiva relacionada deste club para **"ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES 2019"**, que inclúe a Organización da III Mini Btt Concello do Carballiño; Organización da IV Btt en Familia Concello do Carballiño e Participación no campionato galego de Mini BTT.

### 2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **CATRO MIL EUROS (4.000,00 €)** que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do subprograma 341.11, "Promoción e fomento do deporte", polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.


Dita contía total (100%) da subvención outorgada imputase o exercicio económico 2019.

### 3. PERÍODO SUBVENCIONABLE

O período subvencionable sería o exercicio 2019, dende o 01.01.2019 e ata o 15.10.2019.

### 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





## 5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente. Se a contía da axuda é inferior a 3.000 € poderase acreditar coa presentación dunha declaración responsable.

O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Deportes do Concello do Carballiño.

- I. Se se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

## 6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

- a) Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, e dado que o Concello non vai subvencionar os premios en metálico, o importe do gasto subvencionable ascende a **6.223 €**. Dado que a subvención outorgada elévase a, como máximo, **4.000 €**, esta representa un **64,27 %** dos gastos do proxecto presentado. Se os gastos subvencionados xustificados correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

- b) O tipo de gasto subvencionable: gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva, formativa e competitiva relacionada co obxecto detallado na cláusula 1ª, mais concretamente:
- Gastos derivados da propia competición (transporte, fichas federativas ou licencias federativas).
  - Outros gastos correntes habituais relacionados co desenvolvemento da actividade (asistencia a cursos de formación, gastos de imprenta, publicidade, etc.)
  - Gastos de responsabilidade civil (seguro das probas ou outro tipo de seguros)
  - Gastos correntes (manutención e aloxamentos dos membros de organización, seguridade e membros federativos, etc...)
  - Outros gastos relacionados coa proba ( trofeos, premios (non en metálico), etc...)
- c) Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado neste exercicio 2019 ata a finalización do período de xustificación determinado no presente convenio. A data de finalización do período subvencionable establécese como límite máximo ata o **15-10-2019**.

#### XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o abono da subvención outorgada.

Presentación da **conta xustificativa**, que comprenderá:

- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.

- Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable), e con identificación do acreedor e do documento, concepto, importe e data de emisión.

- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TC's, cartas de pago, etc.). Así como os documentos bancarios no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento das mesmas e tendo en conta que **non se admitirán pagos en metálico**

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.

- De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño. Se non se acredita a publicidade, procederase a minoración da axuda concedida, polo importe determinado no presente convenio.

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.





Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida, en cada tempada. A subvención representa o 64,27 % do total do proxecto presentado e subvencionado. A subvención non financia ningún tipo de gasto de inversión consistente na compra ou adquisición de vehículos, mobiliario e calquera tipo de inmovilizado.

O prazo de presentación da xustificación desta subvención remata o 31.10.2019.

#### 8. FORMA DE PAGO.

Procederáse ao pago do anticipo do 50% da cantidade orzamentada despois da sinatura do presente acordo e tras a presentación da solicitude/instancia subscrita polo Presidente da Asociación acompañada da certificación bancaria do número de conta onde se realizará o ingreso.

O abono do restante 50% da subvención farase efectivo despois da presentación da correspondente conta xustificativa segundo o establecido na cláusula 7, e unha vez aprobada esta polo órgano competente do Concello.

Non se procederá ao abono da subvención con anterioridade a publicación do presente convenio na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### 9. DIFUSIÓN.

As partes comprométese a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

#### 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015)

#### 11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2019.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.



Francisco José Fumega Piñeiro



Roberto Rodríguez Fernández